

Taxón	Hábitat	Descrición
<i>Candelaria concolor</i> (Dicks.) Stein. 	Presente en distintas especies arboreas no campus.	Talo foliáceo, de pequeno tamaño, ± 1 cm, de forma máis ou menos redondeada, lóbulos moi estreitos (0.1-0.5 mm de ancho). K-. Sorais marxinais, abondosos, granuloso, amarelos.
<i>Flavoparmelia caperata</i> (L.) Hale. 	Presente en distintas especies arboreas no campus.	Talo foliáceo, ata 20 cm de Ø, de cor verde amarelenta. Sorais laminares, con soredios grosos. Medula e sorais K± amarelo, C-, KC± vermello, P+ amarelo-laranxa a vermello.
<i>Flavoparmelia soredians</i> (Nyl.) Hale. 	Presente en <i>Morus alba</i> no campus.	Talo foliáceo, ata 5-10 cm de Ø, de cor amarela verdosa, pegado ao substrato. Soredios finos, farináceos Medula K+ amarela -> vermella, KC+vermello, P+ laranxa, C-.
<i>Hypogymnia physodes</i> (L.) Nyl. 	Presente en distintas especies arboreas no campus.	Talo foliáceo, oco, ata 10 cm Ø, de cor gris claro. Sorais terminais, labriformes, abondosos. Medula e sorais P+ laranxa-vermello, K- e KC+ vermello.

<i>Hypotrachyna horrescens</i> (Taylor) Krog & Swinscow. 	Presente en sobre <i>Prunus cerasifera</i> no campus.	Talo foliáceo, de menos de 5 cm de Ø, de cor gris. Isídios cilíndricos, escurecidos na punta, simples a coraloides, misturados con cílios negros. Medula C-, K-, KC+ rosa, P-.
<i>Hypotrachyna revoluta</i> (Flörke) Hale.  https://waarneming.nl/media/photo/033/253/33253755.jpg	Presente en <i>Morus alba</i> no campus.	Talo foliáceo, de ata 5 cm de ancho, adherido ao substrato, de cor gris. Sorais erumpentes, granuloso, laminais. Medula e sorais K-, KC+ vermello, C+ vermello, P-.
<i>Melanelixia glabratula</i> (Lamy) Sandler & Arup. 	Presente en <i>Prunus cerassifera</i> no campus.	Talo foliáceo, ata 10 cm Ø, adherido ao substrato, cor pardo verdoso. Isídios abondosos e cilíndricos. Medula K-, C+ vermello, KC + vermello, P-.
<i>Parmotrema austrosinense</i> (Zalhbr.) Hale. 	Presente en <i>Morus alba</i> no campus.	Talo foliáceo, de cor gris na cara superior e na cara inferior branca nos extremos. Lóbulos de 1 cm a 1,5 cm de ancho. Sorais esbrancuxados lineares na beira do talo. Medula KC+ vermello, cortex K+ amarelo.
<i>Parmotrema perlatus</i> (Huds.) M. Choisy. 	Presente en <i>Betula alba</i> no campus.	Talo foliáceo, gris azulado, de ata 15 (20) cm Ø, presenza de sorais brancos marxinais ± globosos (en forma de perla). Talo, medula e sorais C-, K+ laranxa-amarelo, P+ laranxa.

<i>Punctelia subrudecta</i> (Nyl.) Krog.  https://www.flickr.com/photos/40948266@N04/40021891212/	Presente en <i>Acer</i> sp no campus.	Talo foliáceo, ata 7-8 cm Ø, de cor gris verdosa, pouco pegado ao substrato. Pseudocifelas puntiformes que desenvolven sorais redondeados, ben delimitados. Medula K-, C+ vermello, KC+ vermello, P-.
<i>Xanthoria parietina</i> (L.) Th. Fr. 	Presente nun <i>Prunus</i> sp na Illa das Esculturas. Sobre diversos substratos ricos, ao tronco de árbores illados.	Talo foliáceo de ata 15 cm, de cor amarela-alaranxada, adherido ao substrato. Frecuentemente con apotecios laranxas. Talo K+ vermello púrpura.

Texto adaptado, procedente de: Calatayud Lorente, V. & Sanz Sánchez, M.J. (2000). *Guía de Líquenes Epífitos*. Valencia, Organismo Autónomo de Parques Nacionales; da Asociación Francesa de Lichenología e de Italic.
 Ilustracións: Antía Ares Carril